

XXIV TRIATLÓN CIDADE DE FERROL

PROBA DA LIGA GALEGA DE TRIATLÓN PUNTUABLE
PARA O RANKING NACIONAL (PRN)
CLASIFICATORIO FETRI CTO EUROPA YOUTH SÚPER
SPRINT

REGULAMENTO

Organiza:

Club Triatlón Ferrol
Email: triatlonferrol@gmail.com
Persoa de contacto: Juan Luis Pedrosa
Teléfono: 606 696 249
Federación Galega de Triatlón

Patrocina:

Concello de Ferrol - Concellería de Deportes

Colaboran:

Autoridade Portuaria de Ferrol – San Cibrao
Policía Local
Protección Civil
Secretaría Xeral para o Deporte

Datas e horarios das carreiras:

Sábado, 18 de julio de 2026
15:30 h. Saída proba Feminina Liga
16:45 h. Saída proba Masculina Liga
18:30 h. Saída feminina Clasificatorio Youth
19:15 h. Saída Masculina Clasificatorio Youth

Entrega Premios ás 20:00 h.

Distancia:

Sprint: 750 m de natación (1v) – 20 km en bicicleta (4v) – 5 km de carreira a pé (3v)
Clasificatorio Youth: 300m natación (1v) / 10Km ciclismo (2v) / 2km carrera x (2 v)

Categorías M/F:

Proba Sprint de Liga.- Absoluta, Sub23, xuvenil, Junior e Veteranos 1,2,3, Clubs
Proba Clasificatoria Youth -(Xuvenil e cadete de 2º ano)

Inscripcións proba Sprint Liga:

Ata o martes día 14 de xullo

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado [Competición/Inscripcións](#).

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV

Prezos:

Participantes con dereitos de liga aboados **20 €**

Participantes sen dereitos de liga aboados **40 €**

Clubs.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Competicións/inscricións](#) e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club e a contrasinal

Deportistas.- Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario.

Inscripcións Clasificatorio Youth FETRI:

<https://live.competitions.org/ch/2026/2604/festival%20youth%20-%20clasificatorio%20campeonato%20de%20europa%20de%20triathlon%20-%20youth%20-%20ferrol%202026>

Baixas e política de Devolucións:

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Triatlón a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba na tarxeta de abono.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) ou que non se axusten ao regulamento, rematado o prazo de inscrición estas serán anuladas e non se farán devolucións.

Publicación lista de inscritos:

Publicación da lista provisional: rematado o prazo de inscrición ou o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de persoas inscritas (esta admite reclamacións cando na lista se dea algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas na lista...). É moi importante revisar esta lista para ter opción a reclamar se hai algún erro nela. Publicación da lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

CRONOMETRAXE CON CHIP AMARELO EN PROPIEDAD OU ALUGUER:

Haberá cronometraxe championchip. Será **obligatorio o uso do chip amarelo Championchip**, os/as participantes que teñan en propiedade o chip amarelo deberán indicalo no correspondente apartado da inscrición, poñendo o número do seu chip persoal.

NON SE PODE CORRER CO CHIP DOUTRA PERSOA

No caso **de non ter chip ou telo extraviado**, deberán **acceder á seguinte ligazón** de Champion Chip **para alugalo ou mercalo e poder recibilo o día da proba**, depositando unha fianza que aboarán por TPV a través da ligazón.

<https://ccnorte.com/evento/detalle/id/2470/gestion-de-chips-pruebas-fegatri>

As opcións que recollerá a ligazón de cara á súa obtención serán as seguintes:

- Merca do chip amarelo (sen tobillera) - 15€
- Aluguer de chip e tobillera- Aboaranse 10 € , coa devolución do chip e tobillera devolveráanse 8 €

Haberá chips de aluguer para incidencias na proba a un custe de 10€, devolveranse 5€ coa devolución do mesmo.

Saída, transición e meta:

Peirao de curuxeiras, Porto de Ferrol.

Recollida de dorsais na carpa de organización:

Proba de Liga- dende as 14:30 h

Proba Youth: de 16:00 a 18:00

Control de material:

Proba Liga Femenina: 14:50 a 15:20 H

Proba Liga Masculina: 15:50 a 16:30 H

Clasificatoria Youth- 17:45 h. a 18:15 h.

**Os horarios de inicio son aproximados e poderán axustarse segundo o fluxo das carreiras previas.*

Reunión técnica:

A reunión Técnica será publicada o xoves previo na web da FEGATRI/FETRI

Premios:

Trofeos/medalla para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría establecida, nas probas de liga .

Trofeo/medalla para os tres primeiros e tres primeiras da proba súper sprint clasificatoria Youth.

- Premios económicos das probas individuais :
 - 1º clasificados masculino e feminina 150,00 €
 - 2º clasificados masculino e feminina 100,00 €
 - 3º clasificados masculino e feminina 50,00 €
 - Primeiros clubs masculino e feminino 200,00 €

Ao importe do premio económico individual practicaráselle unha retención do 15% en concepto de I.R.P.F.

"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquele deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono" Exención COVID-19 calquera deportista que non poida quedar á entrega deberá avisar a delegado técnico ou xuíz árbitro.

Normas de competición

A proba rexerase polas normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición das Federacións Galega e Española de Triatlón .

Outra Información:

Procedemento de saídas:

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas,

Chegada a meta: Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de pos meta, onde depositarán os seus chips, nos recipientes habilitados (se non son en propiedade) e pasarán a avituallarse e saír da zona para ir recoller a súa bicicleta e equipamento á transición cando os oficiais o indiquen.

Recollida de dorsais e chips de cronometraxe: Na zona habilitada, o día da proba.

Servizo de Gardarroupa: a carón da secretaría

Avituallamento: Avituallamento líquido no segmento de carreira a pé, e avituallamento líquido e sólido na zona de pos meta.

Vestiaros e duchas: Instalacións A Malata.